Lingua francoprovenzal

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

A lingua **francoprovenzal**[1] ou **arpitano** (*arpitan* ou *patouès*) é unha lingua romántica que se fala nalgunhas partes de Francia, Italia e Suíza. A súa zona de distribución autóctona é coñecida como Arpitania.

Ethnologue estima que o seu número de falantes rolda os 77.000. Non ten status oficial en ningún país, máis é lingua protexida en Italia, especialmente no Val de Aosta. A Unesco declarouno lingua en perigo.

Francoprovenzal *Arpitan*	
Outros nomes:	*Patouès*
Falado en:	Italia, Suíza e Francia
Rexións:	Europa
Total de falantes:	aproximadamente 77.000
Posición:	*Non está entre as 100 máis faladas.*
Familia:	Indoeuropea Itálico Románico Ítalo-occidental Galo-Ibérico Galo-Románico **Francoprovenzal**
Escrita:	Alfabeto latino
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Protexido en: Italia Val de Aosta
Regulado por:	Non ten regulación oficial
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	`--`
ISO 639-2:	`roa`
ISO 639-3:	`frp (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=frp)`

Índice

Territorio

O territorio de fala francoprovenzal é coñecido como Arpitania, cuxo territorio a abrangue en parte ou totalmente os seguintes estados e rexións:

- Francia
  - Ródano-Alpes
  - Franco Condado
- Italia
  - Val de Aosta
  - Piemonte (*nas zonas alpinas da Provincia de Turín*)
  - Puglia (*dous enclaves na Provincia de Foggia, ao sur de Italia*)
- Suíza
  - Friburgo

- Neuchâtel
- Valais (na parte baixa do cantón)
- Vaud
- Xenebra
- Xura



Comparación entre o francoprovenzal e outras linguas románicas

Latín	Galego	Franco-Provenzal	Francés	Catalán	Occitano	Italiano
clave(m)	*chave*	*cllâf*	*clef / clé*	*clau*	*clau*	*chiave*
cantare	*cantar*	*chantar*	*chanter*	*cantar*	*cantar*	*cantare*
capra	*cabra*	*chiévra*	*chèvre*	*cabra*	*cabra*	*capra*
lingua	*lingua*	*lengoua*	*langue*	*llengua*	*lenga / lengua*	*lingua*
nocte(m)	*noite*	*nuet*	*nuit*	*nit*	*nuèit / nuèch*	*notte*
sapis	*xabón*	*savon*	*savon*	*sabó*	*sabon*	*sapone*
sudare	*suar*	*suar*	*suer*	*suar*	*susar*	*sudare*
vita	*vida*	*via*	*vie*	*vida*	*vida*	*vita*
pendere	*pagar*	*payer*	*payer*	*pagar*	*pagar*	*pagare*
platea	*praza*	*place*	*place*	*plaça*	*plaça*	*piazza*
ecclesia	*igrexa*	*églése*	*église*	*església*	*glèisa*	*chiesa*
caseo (*formaticum*)	*queixo*	*tôma / fromâjo*	*fromage*	*formatge*	*formatge*	*formaggio*

Clasificación

Indoeuropeo > Itálico > Grupo Romance > Romance > Linguas Romances Ítalo-Occidentais > Grupo Ítalo-Occidental - Subgrupo Occidental > Grupo Galo-Ibérico > Grupo Galo-Romance > Grupo Galo-Rético > Subgrupo Oïl > Grupo Sueste

Notas

1. Definición de francoprovenzal (https://digalego.xunta.gal/gl/termo/31368) no *Dicionario de Galego (https://digalego.xunta.gal/gl/caracteristicas)* de Ir Indo e a Xunta de Galicia.

Véxase tamén

Ligazóns externas



Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua francoprovenzal***

- A lingua francoprovenzal (https://www.arpitania.eu/index.php/langue-arpitan-francoprovencal) en Arpitania.eu
- Lingua franco-provenzal (http://www.ethnologue.com/show_language.asp?code=frp) en Ethnologue.
